



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** acaba de convocar nestes días unha nova edición do **PROGRAMA CONECTA PEME** en resposta ao elevado interese demostrado na anterior convocatoria pechada en Decembro.

Con esta nova edición, **GAIN** continúa co seu apoio ás PEMES innovadoras incentivando a súa mellora competitiva mediante o cofinanciamento de proxectos de I+D en cooperación entre empresas. Estes proxectos teñen que desenvolverse en áreas estratéxicas para Galicia segundo a nosa **Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3)** recentemente aprobada.

As **agrupacións** solicitantes, nas que existirá unha entidade representante, deben estar constituídas por un **mínimo de tres e un máximo de seis PEMES**, contando ademais coa participación de polo menos un organismo de investigación subcontratado por un importe nunca inferior ao 15% do orzamento total do proxecto.

Deberán ser proxectos de alto impacto cun **orzamento superior aos 600.000 euros**, a través dos cales incrementar a capacidade científico-técnica do tecido empresarial galego fomentando a cooperación público-privada dende unha perspectiva de **innovación aberta**.

Para facilitar a preparación das túas propostas, **GAIN** pon a túa disposición unha completa **guía de solicitudes** e un documento de **preguntas frecuentes**.

Se queres saber máis sobre esta nova oportunidade de financiamento podes atopar toda a información sobre este programa no seguinte enlace: **PROGRAMA CONECTA PEME**

Dende GAIN ofrecémosche todo o apoio que necesites para a preparación das túas propostas que poden presentarse ata o **13 de febreiro!**

Que ningunha iniciativa con potencial se quede no camiño!

¡Ata o próximo xoves!